



## **CIRCULAR 02-2023.**

### **LXXXVII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO, SUB23 E SUB20 DE CAMPO A TRAVÉS, INDIVIDUAL MASCULINO. LV CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO, SUB23 E SUB20 DE CAMPO A TRAVÉS, INDIVIDUAL FEMININO.**

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

**Art.1).**- A Federación Galega de Atletismo e a Asociación Deportiva Limiactiva organizan o LXXXVII Campionato Xunta de Galicia Absoluto, Sub23 e Sub20 de campo a través individual masculino e o LV Campionato Xunta de Galicia Absoluto, Sub23 e Sub20 individual feminino o 15 de xaneiro 2023 nas instalacións do Hipódromo de Antela, nos concellos de Sandiás e Xinzo de Limia.

**Art.2).**- Para o Campionato, realizaranse as seguintes clasificacións individuais: Absoluta, Sub23 e Sub20 tanto en homes coma en mulleres.

**Art.3).**- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas con licenza pola FGA na actual tempada 2023.

**Art.4).**- Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras:

<b>HORA</b>	<b>CATEGORÍA</b>	<b>SEXO</b>	<b>DISTANCIA aprox.</b>
<b>10:50</b>	Sub20	Homes	7.000 m.
<b>11:25</b>	Sub20	Mulleres	7.000 m.
<b>12:10</b>	Abs-Sub23	Homes	9.000 m.
<b>13:00</b>	Abs-Sub23	Mulleres	9.000 m.

**Art.5).**- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da R.F.E.A <https://sdp.rfea.es/> como data límite o luns 9 de xaneiro ás 20:00 horas.

**Art 6).**- A orde de colocación dos equipos respectivos na saída establecerase por sorteo.

**Art.7).**- Todos os atletas deberán pasar por cámara de chamadas, apertura 25 minutos antes e peche 15 minutos antes, da saída de cada proba (o horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función dos atletas inscritos). Os atletas saíran ó circuíto ca roupa de competición.

**Art.8).**- Establecerase control de chegada de 45' na proba de 9.000m masculinos, e de 55' na proba dos 9.000m femininos.

**Art.9).**- Entregaranse medallas ós/ás tres primeiros/as atletas clasificados/as en cada categoría segundo o artigo 2 do presente regulamento.

**Art.10).**- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ser motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



**Art.11).**- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 48 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA:  
[competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal)
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.12).**- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 2 de xaneiro de 2023

Carlos Castro Vicente  
**Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo**